



## **BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR E PARA COMEDORES ESCOLARES .**

### Artigo 1 – Obxecto

É obxecto destas bases a regulación da concesión de axudas para adquisición de libros de texto e material escolar e para comedor escolar, destinadas a unidades de convivencia en desvantaxe social e con menor poder adquisitivo do concello de Ourense que teñan nenos e nenas ao seu cargo escolarizados en centros públicos ou concertados do concello de Ourense, nos que non se segregue aos alumnos/-as por sexo.

### Artigo 2- Natureza xurídica

As axudas que se conceden terán carácter de subvención e rexeranse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa que a desenvolve, e a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

### Artigo 3- Compatibilidade

As axudas serán incompatibles con calquera outra axuda que puidera percibirse coa mesma finalidade doutras institucións públicas ou privadas.

Artigo 4- Imputación orzamentaria e contía A concesión das subvencións que constitúen o obxecto destas bases, estará limitada ao crédito máximo dispoñible no orzamento municipal para acción social en axudas de libros e material escolar e comedores escolares.

### Artigo 5 – Beneficiarios

Serán beneficiarias as unidades familiares de convivencia con menores de idade escolarizados en centros escolares públicos e concertados da cidade de Ourense, que estean matriculados nos cursos referenciados para cada unha das liñas de axudas e reúnan os requisitos esixidos nas bases.

5.1.- Para os efectos destas bases reguladoras, considérase que forman a unidade de convivencia:

\_ O menor ou menores para o/os que se solicita a axuda.

– Os pais ou titores legais, destes menores.

– Os irmáns do menor ou menores para o/os que se solicita a axuda.

– Os ascendentes en primeiro grao de consanguineidade dos cónxuxes, titores legais ou parellas unidas por análoga relación que convivan no mesmo domicilio.

• Computarase un membro máis no caso de presentar algún deles unha discapacidade igual ou superior ao 33%, e tamén no caso de ser familia monoparental (enténdese por familia monoparental a constituída por unha soa persoa proxenitora ou titora con quen convive o/a neno/-a, e que sexa a única sustentadora da familia). A estes efectos teranse en conta os rendementos netos de traballo e capital mobiliario, as rendas imputadas de bens inmobles e a suma de ganancias patrimoniais de todas as persoas integrantes da unidade de convivencia.

• No caso de pais divorciados ou separados computarase o novo cónxuxe ou a nova parella unida por análoga relación, que teña o pai ou a nai, e os fillos aportados pola nova parella, os ascendentes en primeiro grao que se xustifique a súa residencia no mesmo domicilio.

• En caso de custodia compartida ambos proxenitores deben presentar solicitudes independentes para poder valorar as súas respectivas unidades de convivencia, considerándose membros computables para cada un deles, ademais dos fillos en común, outros fillos nados doutras relacións e os fillos aportados pola nova parella, os ascendentes en primeiro grao do solicitante e da nova parella, que se xustifique a súa residencia no mesmo domicilio.

5.2.- Considéranse dúas liñas de axuda:

5.2.1.- Para o caso das axudas de libros e material escolar, estar matriculados en 4º, 5º e 6º



de educación infantil.

5.2.2.- Para o caso das axudas de comedor, estar matriculados en educación infantil educación primaria ou secundaria obrigatoria, e ter praza de comedor no centro no momento da concesión da axuda

5.3.- Considéranse requisitos xerais:

- Estean empadroados no concello de Ourense, con tres meses mínimo de antigüidade e no mesmo domicilio, todos os membros da unidade de convivencia. De cumprir a antigüidade e de non estaren empadroados todos os membros no mesmo domicilio do concello de Ourense, poderían subsanalo antes de finalizar o prazo de emenda de documentación. Por causas sobrevidas, de carácter excepcional, poderán resolverse favorablemente, solicitudes presentadas dentro do prazo preceptivo, que non cumpran coa antigüidade de empadramento, previa valoración do equipo técnico de referencia
- Que o centro educativo estea situado no concello de Ourense.
- Que a capacidade económica anual non exceda de 4.000 euros por membro da unidade de convivencia (renda per capita) para as axudas de libros e material escolar, e de 3.700 euros por membro, para as axudas de comedor.
- No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente á prestación mínima de RISGA.

#### Artigo 6 – Lugar, prazo e forma de presentación das solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse, debidamente cubertas, no rexistro xeral do Concello de Ourense ou por calquera medio dos establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de presentación será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes, acompañadas da documentación preceptiva do artigo 7, deberán presentarse no modelo normalizado (anexo I) asinado pola persoa solicitante (pai/nai/titor/a) no que se especificará o nome do menor ou menores, o centro escolar e o curso para o que se solicita a axuda.

As deficiencias e as omisións na solicitude e restante documentación preceptiva deberán emendarse tralo requirimento previo, no prazo de dez días desde a notificación, na que se indicará que se non se fixese terase por desistido da súa petición, segundo o establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para estes efectos, publicarase no taboleiro de edictos da sede electrónica e na páxina web do concello unha lista daquelas solicitudes que teñan que ser emendadas.

A presentación da solicitude leva consigo a aceptación incondicional das bases reguladoras e da convocatoria.

#### Artigo 7 - Documentación

A documentación preceptiva é a seguinte:

7.1.- Modelo normalizado de solicitude completamente cuberto (anexo I), no que se especificará o nome do(s)/da(s) neno(s)/a(s), o centro escolar e o curso para o que se solicita a bolsa, asinado pola persoa solicitante.

7.2.- Declaración responsable segundo anexo II e Impreso de autorización das persoas que integran a unidade familiar (anexo III) cuberto e asinado por todos os membros da unidade de convivencia, incluído o solicitante.



7.3.-Fotocopia dos DNI (maiores de 14 anos)/NIE/pasaporte (en vigor) de todos os membros da unidade de convivencia e do(s) libro(s) de familia completo (ou, no seu defecto, documentación que o substitúa).

7.4.- Fotocopia da declaración do IRPF (Modelo D-100) (ou no seu caso, documentación fiscal e laboral acreditativa dos rendementos netos) de dous exercicios anteriores ao da convocatoria correspondente, de cada un dos membros computables da unidade de convivencia.

Se a súa unidade familiar percibiu ingresos no estranxeiro que non fosen declarados en España, nos dous exercicios anteriores, aportarase xustificante da Administración Tributaria correspondente.

Aqueles que estean estudando e sexan maiores de 16 anos, certificado do centro de estudos no que se faga constar a súa matriculación.

As persoas perceptoras de pensións deberán presentar obrigatoriamente o certificado de pensión.

En caso de non estar obrigado a presentar a declaración do IRPF deberá achegar a seguinte documentación de cada un dos membros da unidade familiar maiores de 16 anos:

- Certificado de empresa de todas as empresas nas que traballou nos dous exercicios fiscais anteriores, se hai máis dunha, ou outros documentos que acrediten os ingresos obtidos neses anos.
  - Certificado do SEPE do cobro ou non de prestacións durante o exercicio anterior, cando proceda.
  - Xustificante de pensión , (xubilación, invalidez, viuvez, orfandade, favor familia, ...).
  - Impreso de autorización para a obtención de datos que corresponda, de todas as persoas empadroadas no mesmo domicilio e que formen parte da unidade de convivencia (anexo II)
- As persoas non obrigadas a declarar presentarán igualmente esta autorización.

Aquelas persoas que durante o prazo de presentación de solicitudes achegasen a declaración do imposto das persoas físicas do exercicio anterior a convocatoria, e consideren que estes datos económicos lle resulten máis beneficiosos, poderán presentar a declaración do exercicio anterior á convocatoria. Non se terán en conta as declaracións presentadas unha vez finalizado o prazo de solicitude das axudas.

7.5 -Informe de vida laboral completo e actualizado da Tesourería da Seguridade Social, de todos os membros computables maiores de 16 anos. En caso de telo solicitado, presentarase a copia do resguardo da solicitude e o informe axuntarase á solicitude en canto sexa emitido e recibido.

As persoas que teñan a condición de empregados da administración pública ou profesionais, e a súa vida laboral se rexa por entidades distintas á Seguridade Social deberán presentar certificación que substitúa á da vida laboral.

7.6.- Xustificante de ingresos da prestación de RISGA ou IMV, , no caso de ter sido beneficiario nos dous anos anteriores ao da convocatoria

7.7.- No caso de separación ou divorcio legal, copia da sentenza e do convenio regulador, así como xustificantes bancarios das achegas económicas establecidas na sentenza. En situacións de impago, copia da solicitude de execución de setenza presentada ante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións. Nos casos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, o responsable da beca será o pai ou nai que teña atribuída a custodia do menor, de acordo co establecido no convenio regulador ou sentenza xudicial. En caso de custodia compartida, cada proxenitor serao en función do tempo que teña atribuída a custodia, segundo establece o convenio regulador ou sentenza xudicial. Neste caso, se un dos proxenitores non ten dereito á axuda de comedor, deberá comprometerse a aboar a súa parte correspondente.



7.8.- En caso de unións de feito nas que non exista convivencia, sentenza de garda, custodia e alimentos, así como xustificante das achegas económicas establecidas na dita sentenza. En situacións de impago, copia da solicitude de execución da sentenza presentada diante do xulgado ou xustificante do inicio das actuacións.

7.9.-No caso de que as/os menores estean en situación de acollemento por resolución administrativa ou auto xudicial, deberase acreditar mediante copia do certificado do organismo competente e, de ser o caso, a contía da remuneración. No suposto de acollemento, o responsable da bolsa será a persoa ou persoas que o teñan adxudicado por resolución administrativa ou auto xudicial. En ningún caso poderán ser responsables da bolsa os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou se a tutela ou a garda fora asumida por unha institución pública. O certificado de empadramento e convivencia será incorporado ao expediente de oficio. O/a solicitante queda obrigado a comunicarlle ao Concello calquera alteración das circunstancias que motivaron a concesión da bolsa.

#### Artigo 8 – Criterios valoración e contía das axudas

As axudas concederanse por rigorosa orde, atendendo á menor renda per cápita, ata esgotar o orzamento asignado a cada proxecto. (Coa salvedade do art. 8.1a para axudas de material escolar.) As unidades de convivencia que, aínda reunindo os requisitos desta convocatoria, non aparezan como beneficiarias quedarán en lista de agarda. Poderán concederse máis axudas, respectando a orde da lista de agarda, no caso de que se produzan baixas ou exista máis dispoñibilidade orzamentaria

##### 8.1- Contía axudas

a) AXUDAS MATERIAL ESCOLAR. A axuda será de 110 euros por menor

- No caso de que o número de solicitudes que reunan os requisitos da convocatoria supoña un importe superior ao total presupostado para estas axudas minorarase proporcionalmente o importe individual a conceder.

b) AXUDAS DE COMEDOR

A cuantía da axuda de comedor cubrirá o custe no comedor dos centros públicos e concertados escolares ata un máximo de 90 € mes/alumno.

#### Artigo 9 – Tramitación e resolución das solicitudes

9.1.- As solicitudes tramitaranse de conformidade coa Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Lei xeral de subvencións, de acordo coa súa disposición derradeira primeira. A instrución do procedemento de concesión correspóndelle á xefatura do Servizo de Benestar Social que realizará cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos.

Unha vez valoradas as solicitudes, o órgano colexiado previsto nas bases da convocatoria, deberá emitir informe no que se concrete o resultado da valoración realizada.

9.2 A composición do órgano colexiado, denominado mesa de avaliación, será: – Presidente: o/a concelleiro/a delegado/a de asuntos sociais. – Secretario: o/a funcionario/a de administración xeral do Servizo de Benestar Social. Vogais: o/a titular da Asesoría Xurídica, interventor/a, xefe/a do Servizo de Benestar Social, e un/unha educadora de familia.

9.3- O prazo para a resolución definitiva das peticións de subvención non poderá pasar de cinco meses. Ao vencemento do prazo máximo sen que lles sexa comunicada a resolución lexítima aos interesados dará a entender desestimada a solicitude por silencio administrativo. Toda publicación/notificación, sexa individual ou colectiva, a que faga referencia estas bases, realizarase mediante publicación na localización web e taboleiro de edictos da sede electrónica do Concello de Ourense. A publicación substituirá á notificación persoal e terá os mesmos efectos, segundo o artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



A resolución provisional de axudas concedidas, denegadas e lista de agarda publicarase no taboleiro de edictos da sede electrónica e na páxina web do concello ( [www.ourense.gal](http://www.ourense.gal) ), concedéndose un prazo de 10 días para presentar alegacións. A resolución definitiva que se adopte será, así mesmo, publicada na mesma forma que a resolución provisional. Estas publicacións substituirán á notificación nos termos que se establecen nos artigos 42, 43 e 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Os beneficiarios terán un prazo de 10 días, desde a notificación da resolución definitiva, para aceptar ou rexeitar a subvención; de non producirse manifestación expresa entenderase aceptada tacitamente. As listas provisionais e as definitivas publicaranse co número de rexistro de entrada da solicitude.

9.4.- A resolución da solicitude de subvención realizarase mediante decreto da Concellería delegada de Asuntos Sociais e esta publicarase, de acordo co disposto no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal. A publicación, que substitúe á notificación, con todos os efectos desta, farase no prazo máximo de 5 meses contados a partir do día seguinte a aquel en que finalice o prazo de presentación de solicitudes. A falta de publicación neste prazo permite entender o silencio administrativo con efectos desestimatorios de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Contra a resolución poderase interpoñer, no prazo de dous meses, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, sen prexuízo de interpor previamente un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes diante do órgano que ditara a resolución.

#### Artigo 10- Pago e xustificación

##### 10.1- Axudas en especie para libros e material escolar

O pagamento destas axudas realizarase mediante entrega de vales segundo o seguinte procedemento: Os beneficiarios da bolsa para libros deberán entregar a lista dos libros e material dos menores selada polo centro escolar, na primeira quincena do mes de setembro, e o Concello entregarálles os vales para cambiar en librarías do concello de Ourense. O pago da axuda para libros e material escolar realizarase contra a presentación da correspondente factura polas librerías, dirixida á Concellería de Asuntos Sociais cos requisitos legalmente establecidos, e con indicación clara e precisa do seu concepto, así como a identificación do beneficiario da subvención.

10.2.- Axudas de comedor . O prezo da praza de comedor seralle comunicado ao Servizo de Benestar Social do Concello polo centro escolar, previamente deducidas as subvencións recibidas ou pendentes de recibir para a mesma finalidade, tendo a obriga os pais de facerlle fronte ao pago da diferenza non subvencionada. .

As axudas concédenselles ás familias e pagaránselles aos centros.

Os centros asumen o compromiso de comunicar as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ao Servizo de Benestar Social. . O pago da axuda para comedor realizarase contra a presentación da correspondente factura polos centros escolares, dirixida á Concellería de Asuntos Sociais cos requisitos legalmente establecidos, e con indicación clara e precisa do seu concepto, así como a identificación da persoa que percibe a subvención. Cando a contía exceda do importe máximo da axuda(90euros) as empresas encargadas do servizo de comedor, ou de ser o caso, os propios centros, deberán achegar coa factura mensual os xustificantes de pago da diferenza realizado polos pais ou titores dos/-as nenos/-as. A factura presentarase a mes vencido nos cinco primeiros días do mes seguinte.

O traslado de centro docente, ao longo do curso, non supón para o beneficiario a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ao Servizo de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, terá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.

De producírense baixas entre os beneficiarios das axudas, estas serán cubertas por outros alumnos



que se atopen na lista de agarda con menor renda per capita, independentemente do colexio ao que pertencen, sempre que exista crédito.

#### Artigo 11- Perda do dereito á axuda e reintegro

Poderá revogarse, trala resolución previa ao respecto, a concesión da axuda outorgada no caso de producirse algúns dos seguintes supostos: a) A ocultación de información, se esta condicionou a concesión da axuda. b) O mal uso do servizo de comedor, entendendo como tal: mal comportamento no comedor, que impida ou prexudique o desenvolvemento normal da comida e provoque a expulsión do servizo segundo as normas de réxime interno do centro escolar para ese servizo. c) A falta de asistencia continuada e/ou intermitente e inxustificada ao comedor (a partir de 15 días naturais sen xustificar). Calquera das circunstancias anteriormente mencionadas poderá dar lugar ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas en concepto de bolsa, cos seus xuros de demora legalmente correspondentes.

Artigo 12- Convocatoria anual A convocatoria anual establecerá os orzamentos asignados a cada programa, importes que poderán ser ampliados no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria sen que esta circunstancia dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes. A convocatoria anual poderá acollerse á tramitación anticipada de gasto, segundo o disposto no RD 887/2006, de 21 de xullo, que aproba o regulamento da Lei xeral de subvención (artigo 56) e Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, que aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia (art. 25). No suposto anterior, con base na normativa orzamentaria relativa aos expedientes de tramitación anticipada de gasto, a concesión das correspondentes axudas quedará sometida, en todo caso, á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Concello de Ourense no momento de acordar as respectivas resolucións concedentes.

Artigo 13- Entrada en vigor Estas bases reguladoras entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP, permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación.

Artigo 14 – Recursos e impugnacións A resolución definitiva do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela os/as interesados/as poderán interpoñer alternativamente un recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso - administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que estime procedente.

#### Artigo 15- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude:

1. O tratamento polo Concello de Ourense dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica



3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos de carácter persoal, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos ao Concello de Ourense determinará a exclusión da persoa interesada do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte: a) A responsabilidade do tratamento dos datos é do Concello de Ourense, cuxo representante legal é o seu alcalde, don Gonzalo Pérez Jácome, con domicilio para os efectos de notificacións na Casa do Concello, sita na praza Maior, nº 1, en Ourense, teléfono de contacto 988388100 e correo electrónico [alcaldia@ourense.gal](mailto:alcaldia@ourense.gal) b) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que a persoa solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiaria. En cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación na Base de Datos Nacional de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Ourense. Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 20.8.b) da Lei Xeral de Subvencións, non serán obxecto de publicación os datos persoais dos beneficiarios, que unicamente se cederán a terceiros nos supostos previstos no apartado e) desta base, se é necesario para a satisfacción do interese lexítimo seguido polo responsable do tratamento ou polo terceiro ao que se comuniquen os datos, e sempre que non prevaleza o dereito do interesado de acordo coa normativa de protección de datos. A estes efectos, na publicación cada subvención concedida identificarase exclusivamente polo número de rexistro de entrada da solicitude correspondente. As publicacións referidas manterase durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio polo Concello de Ourense ou ben a solicitude das persoas interesadas, dirixida ao responsable do tratamento. c) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións ao Concello de Ourense na súa condición de administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679). e) Os datos subministrados ao Concello de Ourense serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Sen prexuízo do anterior, os datos subministrados polos solicitantes poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos: - A membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra os actos ditados no procedemento, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor del Pueblo, Tribunal de Cuentas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas. - Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do/a interesada/o titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

En todo caso, as/os interesadas/os poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.



Concello de  
**OURENSE**  
Asuntos Sociais